



(García Sabell)

Cortes

El Senador

18-VIII-1978.

Querido Luis: Xa eiquí estamos. O viaxe, excelente. Elena sigue defendéndose ben. Todo, pois, en orde.

Xurden dentro de mín as primeiras lembranzas. (As primeiras sempre son as definitivas). E vexo a Bós Aires como un balbordo de conversas, conferencias, declaracións á prensa, poucas horas de sono e moitas de actividade frenética.

De sutaque, entremedias de todo isto, aparecen os teus cadros. Unhas cores rutilantes, outras matizadas, os perfíles que cantan coa voz propia, as liñas que vibran con pulo específico. Vexo os teus cadros. E como asomando por riba deles, a tua faciana sorridente e unha miga melancólica.

Vexo o contrapunto do río, alá lonxe, dende a fiestra do teu fogar. Un río tornadizo, tan pronto mar, tan pronto vieiro. Un río humanizado, individualizado, diante do que desfila o ballet das chimeneas porteñas.

Algo dentro de mín se conmove dende o intre inicial do noso encontro. Algo que, agora, sería moi árduo concretar. ¿A ledicia da amizade sempre anovada e sempre a mesma? ¿O aconchego sereno e doce dos agarimos de Maruxa? ¿As pinturas que dende as paredes ollaban para nós como chiscándonos o ollo nún xesto de confianza -eles e eu, vellos conocidos- e de complicidade -eles e eu, no segredo derradeiro da tua arte-? Nono sei. Nós os galegos somos uns seres ben estranos. Camiñamos pola vida cangados con pesadumes morales, con preocupacións, con inquedanzas, con acedas tristuras. Pro, un día, ao dobrar un recanto calisquer, fitamos para un lenzo fuxidamente. Ou escoitamos unha música apenas audibel. Ou chega deica nós o presentimento dunha aberta amiga —e velahí, xa ficamos ledos, xa nos reconciliamos co mundo, xa formamos unidade con nós mesmos. Xa estamos en posesión de nós mesmos. ¿Comprendes?

Reaparece na miña memoria o teu mural do Teatro San Martín. A grandeira fermosura dese mural. A armonía, a elegante proporción, o lábil equilibrio, a audacia formal do conxunto, a decisión cromática. Todo. E entón -entón é agora mesmo- agroma dentro de mín un raro orgullo. O orgullo da participación. Como si eu tamén fora, por modo misterioso, o autor da obra. Como si eu, polo que teño de sensibilidade galega, axudase dalgún xeito á creación da obra. De novo, ¿comprendes?

Gracias, pois, Luis, por todo. Polo teu traballo. Pola tua hospitalidade. Pola tua fraternidade. Polo teu fogar. Polo teu fervor. Polo teu constante soerguemento da nosa terra. Do soerguemento que ha quedar porque é o único digno de perpetuarse, de resistir a proba do tempo. Porque é creación galega auténtica.

Dende ista beira, unha aberta. Unha aberta que desexo alumee un chisco, soio un chisco, a sagra luz do teu obradoiro.

Bo domingo.  
Unha aberta para Maruxa e para ti  
Elena